## 5.3. medioambiente

O ESTUDIO DO MEDIO AMBIENTE DIVIDIRASE en cinco grandes bloques. O primeiro deles fai referencia a análise do impacto do afundimento do buque Prestige en novembro de 2002.

O segundo subapartado está dedicado á análise do aire, a partires dos datos facilitados pola Consellería de Medio Ambiente

Posteriormente, analizarase a situación da auga e costas. Dunha banda, tense en consideración os datos do INE referidos á precipitación acuosa e á capacidade dos embalses e a auga embalsada nas diferentes cuncas hidrográficas; así como ó uso agrícola, ás perdas de auga na rede de distribución e ó prezo da mesma en comparación com outras comunidades autónomas. Doutra, faise referencia ó investimento nas costas e ós datos do deslinde das costas españolas.

O cuarto apartado está dedicado ó solo. Dado que no capítulo **3.2.- Sector primario e industrias relacionadas**,

5.3.1.

**Presuposto consolidado da Consellería de Medio Ambiente 2002-03: distribución por programas**

| | | 2002 | 2003 | 03/02 |
|---|---|---|---|---|
| | | (en miles de €) | | (%) |
| 342A | Protección e Mellora do Medio Ambiente | 114.657,0 | 129.705,7 | 13,1 |
| 341A | Direccións e Servicios Xerais de Medio Ambiente | 7.435,7 | 7.874,3 | 5,9 |
| 422C | Prevención e Def. contra Incendios Forestais (Plan forestal de Galicia) | 54.114,0 | 60.596,4 | 12,0 |
| 432A | Plan Galego de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico | 1.890,2 | 1.717,9 | -9,1 |
| 614C | Orden., Reestruct. e Desenvolv. Sector Forestal (Plan forestal de Galicia) | 41.942,2 | 46.627,5 | 11,2 |
| 441A | Elaboración e difusión estatística | - | 78,1 | - |
| 731A | Mellora da Estruct. Forestal e 1ª Transf. | 15.873,8 | 11.981,0 | -24,5 |
| 412A | Xestión e infraestructura de recursos hidráulicos | 31.846,3 | 28.744,7 | 0,0 |
| Total | | 267.759,2 | 287.325,6 | 7,3 |

Fonte: Fonte: *Xunta*, *Presupostos xerais da C.A* .

se analizan aspectos como a distribución xeral da terra ou o consumo de fertilizantes, neste capítulo se presentan os datos do número de conatos e incendios e superficie afectada, así como o estado dos bosques, a Rede Natura 2000 e a Rede de Parques Nacionais a partir da información facilitada pola Consellería de Medio Ambiente e o Ministerio de Medio Ambiente.

Finalmente, preséntanse os principais datos da *Encuesta sobre recogida y tratamiento de residuos urbanos* publicada polo INE, así como os datos dunha serie de indicadores competencia da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

O presuposto da Consellería de Medio Ambiente rexistrou unha medra no ano 2003 do 7,3% respecto ó ano precedente, para situarse nos 287.325,6 miles de euros, dos que un total de 104.064,2 miles de euros (un 27,3% máis que no presuposto do ano anterior) corresponden ó capítulo VI, investimentos reais.

O **cadro 5.3.1.** reflicte a distribución dos créditos por programas da devandita Consellería, onde o 342A, protección e mellora do medio ambiente, absorbe o 45,1% dos seus presupostos (129.705,7 miles de euros). Séguelle en importancia os programas 422C, prevención e defensa contra incendios e 614C, ordenación, reestructuración e desenvolvemento do sector forestal, que acollen o 21,1% (60.596,4 miles de euros) e 16,2% (46.627,4 miles de euros) do total dos presupostos da Consellería, respectivamente.

Comparado co ano anterior cómpre salienta-lo crecemento por riba do 11% dos devanditos programas, fronte á caída de case un 25% do presupostado para o programa 731 A, Mellora de estructura forestal e 1ª transformación, e do 9,1% no caso do programa 432 A, Plan Galego de I+DT.

Xunto á actuación da Consellería, na mellora e conservación medioambiental tamén colaboran a sociedade pública Sogama, cun presuposto de 173.590 miles de euros (un 7,2% inferior ó do ano 2002), e Augas de Galicia, da que os seus investimentos reais, como se reflicte no **cadro 5.3.2.**, ascenden a 22.273,9 miles de euros (un 170,4% superior ó do ano 2002).

Os presupostos da Xunta inclúen unha previsión de ingresos por gravames de contaminación atmosférica, por un importe de 19,3 millóns de euros, un 21,2% (3,4 millóns de euros) máis que no ano anterior.

Dende un punto de vista normativo cómpre salienta-la aprobación do Decreto 438/2003, do 13 de novembro, polo que se aproba o Plan Básico de Continxencias

5.3.2.

**Proxecto de investimentos de Augas de Galicia 2002-03**

| | | 2002 | 2003 | 03/02 |
|---|---|---|---|---|
| | | (en miles de €) | | (%) |
| 342A | Protección e mellora do Medio Ambiente | | | |
| | 601 Saneamento, protección e mellora do medio natural (obra hidráulica e M.N.) | 2.527,3 | 15.364,7 | 508,0 |
| | 640 Gastos en investimentos de carácter inmaterial | 2.104,8 | 1.840,8 | -12,5 |
| 412A | Xestión e infraestructura de recursos hidráulicos | | | |
| | 601 Saneamento, protección e mellora do medio natural (obra hidráulica e M.N.) | 3.050,7 | 2.919,0 | -4,3 |
| | 623 Maquinaria, instalacións e utensilios | 50,0 | 10,0 | -80,0 |
| | 624 Material de transporte | 95,0 | 95,0 | 0,0 |
| | 625 Mobiliario e útiles | - | 20,0 | #¡DIV/0! |
| | 626 Equipos para procesos de información | 60,1 | 60,1 | -0,0 |
| | 640 Gastos en investimentos de carácter inmaterial | 350,5 | 1.964,4 | 460,5 |

Fonte: *Xunta, Presupostos xerais da C.A .*

por Contaminación Mariña para a defensa dos recursos pesqueiros, marisqueiros, paisaxísticos, acuícolas e ambientais de Galicia.

Tendo en conta que “a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias executivas en todos aqueles supostos nos que a contaminación mariña ou vertido se produce dende a costa”, o seu obxecto é “establecer unha serie de normas e procedementos de actuación, así como defini-los órganos competentes que constitúan o sistema e dispositivo de resposta das administracións públicas fronte a unha situación de contaminación mariña”.

No caso de que esta contaminación teña a súa orixe no mar, “en virtude do principio de cooperación interadministrativa, por parte da Administración xeral do Estado, poderase requiri-la activación daqueles medios necesarios para a loita contra a contaminación, debendo adopta-la comunidade autónoma a posta en marcha dos ditos medios”.

O devandito decreto clasifica os plans de continxencias en cinco grandes grupos: Interiores (plans deseñados e elaborados por industrias ou outro tipo de instalacións susceptibles de provocaren episodios contaminantes no mar, así como polos concellos); Portuarios (plans deseñados e elaborados en cada un dos portos existentes en Galicia por Portos de Galicia, e pola Administración competente no caso dos portos de interese xeral); de rías (plans deselados e elaborados pada unha das rías galegas); e Plans territoriais ou Nacionais (deseñados e elaborados de conformidade coa Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante e o Plan Nacional de Salvamento e Loita contra a Contaminación). Unha vez aprobado o Plan este terá unha validez de dous anos.

## O accidente do buque *Prestige*

O accidente do *Prestige* tivo lugar o 13 de novembro de 2002 a 28 millas ó oeste do cabo Finisterre, afundíndo seis días máis tarde tras ter sido afastado da costa. A primeira marea negra (13 novembro–19 novembro) produciuse polo regueiro que foi soltando o buque hasta que afundiu. Unha segunda marea negra (19 novembro–10 decembro) produciuse durante o afundimento do *Prestige* e a partir da última data prodúcense afloramentos no lugar do afundimento.

Os **cadros 5.3.3.** a **5.3.9.** reflicten a distribución dos gastos directamente relacionados con este accidente. O total executado en 2003 ascendeu a 113.196,8 miles de euros, dos que o 81,5% corresponden á Consellería de Pesca e Asuntos

5.3.3.

*Orzamento 2002-2003: Gastos polo accidente do Prestige. Distribución por Consellerías*

| Consellería | Executado 2002 | Executado 2003 | Total |
|---|---|---|---|
| | | (en €) | |
| **Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública** | - | 32.661,89 | 32.661,89 |
| **Consellería Política territorial, Obras Públicas e Vivenda** | 7.000.000,00 | 4.550.934,73 | 11.550.934,73 |
| **Consellería de Innovación, Industria e Comercio** | - | 2.851.455,37 | 2.851.455,37 |
| **Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo** | - | 5.129.687,27 | 5.129.687,27 |
| **Consellería de Sanidade** | - | 93.766,84 | 93.766,84 |
| **Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos** | 24.366.775,69 | 92.245.267,90 | 116.612.043,59 |
| **Consellería de Medio Ambiente** | 1.586.270,14 | 8.213.005,70 | 9.799.275,84 |
| **Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local** | 240.404,48 | - | 240.404,48 |
| **Consellería de Familia, Xuventud, Deporte e Voluntariado** | 25.200,00 | 79.984,68 | 105.184,68 |
| | | | - |
| **Total** | 33.218.650,31 | 113.196.764,38 | 146.415.414,69 |

Fonte: *Xunta de Galicia; Consellería de Economía e Facenda*

5.3.4.

*Orzamento 2002-2003: Gastos polo accidente do Prestige. Distribución por Capítulos* (1)

| Capítulo | Consellería | Executado anos 2002-03 |
|---|---|---|
| | | (en €) |
| **Capítulo 1** | Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos | 360.666,83 |
| | Consellería de Medio Ambiente | 530.633,14 |
| | Total | 891.299,97 |
| **Capítulo 2** | Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública | 32.661,89 |
| | Consellería de Innovación, Industria e Comercio | 10.505,37 |
| | Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos | 771.244,87 |
| | Consellería de Medio Ambiente | 3.967.640,09 |
| | Consellería de Familia, Xuventud, Deporte e Voluntariado | 105.184,68 |
| | Total | 4.887.236,90 |
| **Capítulo 4** | Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Comercio | 6.023.723,86 |
| | Consellería de Innovación, Industria e Comercio | 2.840.950,00 |
| | Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo | 452.875,99 |
| | Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos | 113.502.034,39 |
| | Total | 122.819.584,24 |
| **Capítulo 6** | Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo | 680.028,94 |
| | Consellería de Sanidade | 93.766,84 |
| | Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos | 1.978.097,50 |
| | Consellería de Medio Ambiente | 5.301.002,61 |
| | Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local | 240.404,48 |
| | Total | 8.293.300,37 |
| **Capítulo 7** | Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Comercio | 5.527.210,87 |
| | Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo | 3.996.782,34 |
| | Total | 9.523.993,21 |
| **Total** | | 146.415.414,69 |

**(1) Capítulo 1: Gastos de Persoal, Capítulo 2: Gastos en bens correntes e servicios, Capítulo 4: Trasferencias correntes, Capítulo 6: Investimentos reais, Capítulo 7: Transferencias de capital**

Fonte: *Xunta de Galicia; Consellería de Economía e Facenda*

5.3.5.

### *Orzamento 2002-2003: Gastos polo accidente do Prestige. Distribución por Programas*

| Consellería | Programa | Orzamento executado 2002 | Orzamento executado 2003 | Orzamento executado Total |
|---|---|---|---|---|
| | | | *(en €)* | |
| **Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.** | Cobertura Informativa e apoio á comunicación social (361A) | - | 32.661,89 | 32.661,89 |
| **Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda** | Construcción, Conservación e Explotación Portuaria (414A) | 7.000.000,00 | 4.550.934,73 | 11.550.934,73 |
| **Consellería de Innovación, Industria e Comercio** | Dirección e Servicios xerais de Industria (621A) | - | 10.505,37 | 10.505,37 |
| | Regulación do Comercio Interior e da Política de Prezos (521A) | - | 2.840.950,00 | 2.840.950,00 |
| **Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo** | Programa Xacobeo (353D) | - | 452.875,99 | 452.875,99 |
| | Fomento e Potenciación do Turismo (751A) | - | 4.676.811,28 | 4.676.811,28 |
| **Consellería de Sanidade** | Protección e Promoción da Saúde (313A) | - | 93.766,84 | 93.766,84 |
| **Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos** | Protección e Mellora do Medio Natural Marítimo (422B) | 572.186,06 | 1.324.049,27 | 1.896.235,33 |
| | Dirección e Servicios Xerais de Pesca (611B) | - | 631.784,09 | 631.784,09 |
| | Promoción Cooperativa e Social e Divulgación da Tecnoloxía Pesqueira (612B) | - | 164.832,83 | 164.832,83 |
| | Orden, Reestruct, Fomento e Mellora da Poducc. pesq. de Cult. Mariños (614B) | 23.794.589,63 | 89.743.438,40 | 113.538.028,03 |
| | Desenvolvemento Sostible da Explotación de Recursos Mariños (721B) | - | 129.789,86 | 129.789,86 |
| | Promoción de Productos Pesqueiros e Fomento da Calidade (722B) | - | 251.373,45 | 251.373,45 |
| **Consellería de Medio Ambiente** | Dirección e S. Xerais de Medio Ambiente (341A) | 23.133,75 | - | 23.133,75 |
| | Protección e Mellora do Medio Ambiente (342A) | 850.785,26 | 8.030.173,12 | 8.880.958,38 |
| | Prevención e Def. contra Incendios Forestais (Plan Forestal de Galicia) (422C) | 594.295,29 | 182.832,58 | 777.127,87 |
| | Orden, Reestruct. E Desenvolv. Sector Forestal (Plan Forestal de Galicia) (614C) | 118.055,84 | - | 118.055,84 |
| **Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais** | Portección Civil (231A) | 240.404,48 | - | 240.404,48 |
| **Consellería de Familia, Xuventud, Deporte e Voluntariado** | Fomento da Actividade Xuvenil (355B) | - | 79.984,68 | 79.984,68 |
| | Centros para Servicios Sociais (212B) | 25.200,00 | - | 25.200,00 |
| **Total** | | 33.218.650,31 | 113.196.764,38 | 146.415.414,69 |

Fonte: *Xunta de Galicia; Consellería de Economía e Facenda*

5.3.6.

**Orzamento 2002-2003: Gastos polo accidente do Prestige. Distribución por Capítulos (1) e Artigos**

| Capítulo | Artigo | Executado anos 2002 2003 (en €) |
|---|---|---|
| Capítulo 1 | Artigo 3: Laborais | 328.471,35 |
| | Artigo 5: Incentivos ó rendemento | 562.828,62 |
| | Total | 891.299,97 |
| Capítulo 2 | Artigo 0: Alugueres e Cánones | 2.670.160,02 |
| | Artigo 1: Reparacións, Mantemento e Conservación | 6.274,54 |
| | Artigo 2: Material, Subministracións e Outros | 1.959.549,95 |
| | Artigo 3: Indemnizacións por Razóns do Servicio | 251.252,39 |
| | Total | 4.887.236,90 |
| Capítulo 4 | Artigo 4: A Empresas Públicas e Outros Entes Públicos | 6.476.599,85 |
| | Artigo 7: A Empresas privadas | 37.131.391,15 |
| | Artigo 8: A Familias e Institucións sen Fins de Lucro | 79.211.593,24 |
| | Total | 122.819.584,24 |
| Capítulo 6 | Artigo 0: Investimento novo en infraestructuras e bens destinados ó uso xeral | 1.946.353,34 |
| | Artigo 1:Investimento de reposición en infraestructura e bens destinados ó uso xeral | 1.426.372,79 |
| | Artigo 2: Investimento novo asociado ó funcionamento operativo dos servicios | 1.434.252,21 |
| | Artigo 3: Investimento de reposición asociado ó fucionamento operativo dos servicios | 6.837,92 |
| | Artigo 4: Gastos de investimentos de carácter inmaterial | 3.479.484,11 |
| | Artigo 5: Investimentos militares en infraestructuras e outros bens | - |
| | Total | 8.293.300,37 |
| Capítulo 7 | Artigo 4: A Empresas Públicas e Outros Entes Públicos | 9.523.993,21 |
| | Total | 9.523.993,21 |
| **Total** | | 146.415.414,69 |

(1) Capítulo 1: Gastos de Persoal, Capítulo 2: Gastos en bens correntes e servicios, Capítulo 4: Trasferencias correntes, Capítulo 6: Investimentos reais, Capítulo 7: Transferencias de capital

Fonte: *Xunta de Galicia; Consellería de Economía e Facenda*

5.3.7.

**Orzamento total por tipo de gasto**

| Tipo de Gasto | Exercicio 2002 | 2003 | Total |
|---|---|---|---|
| | | (en €) | |
| **Axudas por paralización da actividade** | 23.894.589,63 | 91.631.815,37 | 115.526.405,00 |
| **Asistencia e equipamento de voluntarios** | 4.530.005,72 | 146.983,63 | 4.676.989,35 |
| **Recuperación da imaxe integral de Galicia** | - | 6.973.470,12 | 6.973.470,12 |
| **Recuperación de espacios naturais** | 149.421,68 | 468.018,75 | 617.440,43 |
| **Tratmento de aves danadas** | - | 147.459,72 | 147.459,72 |
| **Recollida, transporte e almacenemento de fuel** | 722.483,14 | 2.575.208,03 | 3.297.691,17 |
| **Probas analíticas para a comercialización de pesca e marisco** | - | 100.670,11 | 100.670,11 |
| **Colocación, mantemento e retirada de barreiras anticontaminación** | 300.981,68 | 645.634,73 | 946.616,41 |
| **Obras de renovación e equipamento portuario** | - | 1.991.518,28 | 1.991.518,28 |
| **Axudas para a renovación de aparellos pesqueiros** | - | 254.591,71 | 254.591,71 |
| **Loita contra a contaminación. Aluguer de medios materiais** | 213.729,84 | 2.866.255,34 | 3.079.985,18 |
| **Loita contra a contaminación. Dietas e axudas de custo a persoal** | 610.463,45 | 550.057,35 | 1.160.520,80 |
| **Loita contra a contaminación. Combustible, medios propios e alugados** | 366.566,58 | 489.949,77 | 856.516,35 |
| **Loita contra a contaminación.Administración de equipos e ferramentas de traballo** | 2.202.674,37 | 2.253.506,97 | 4.456.181,34 |
| **Loita contra a contaminación. Outro gasto corrente** | 182.018,45 | 1.174.801,32 | 1.356.819,77 |
| **Loita contra a contaminación. Prospección e mostraxes** | 7.551,65 | 413.615,34 | 421.166,99 |
| **Consultoría, asistencia técnica e servicios** | 38.164,12 | 311.430,77 | 349.594,89 |
| **Loita contra a contaminación. Recuperación zonas productivas** | - | 201.777,07 | 201.777,07 |
| **Total** | 33.218.650,31 | 113.196.764,38 | 146.415.414,69 |

Fonte: *Xunta de Galicia; Consellería de Economía e Facenda*

5.3.8.

**Recollida de residuos procedentes do Prestige 2002-03** (1)

| | Sólidos | | Auga-Hidrocarburo | | Total | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total diario | Total acumulado | Total diario | Total acumulado | Total diario | Total acumulado |
| | | | (en toneladas) | | | |
| **Total 2002** | 33.301,5 | | 13.051,9 | | 46.353,4 | |
| **Novembro** | 1.508,4 | 1.508,4 | 2.333,9 | 2.333,9 | 3.842,3 | 3.842,3 |
| **Decembro** | 31.793,1 | 33.301,5 | 10.718,0 | 13.051,9 | 42.511,1 | 46.353,4 |
| **Total 2003** | 43.905,7 | | 5.916,1 | | 49.821,8 | |
| **Xaneiro** | 11.963,2 | 11.963,2 | 658,0 | 658,0 | 12.621,2 | 12.621,2 |
| **Febreiro** | 5.535,7 | 17.498,8 | 2.455,0 | 3.113,0 | 7.990,7 | 20.611,8 |
| **Marzo** | 3.881,6 | 21.380,4 | 2.803,1 | 5.916,1 | 6.684,7 | 27.296,5 |
| **Abril** | 4.425,8 | 25.806,2 | - | 5.916,1 | 4.425,8 | 31.722,4 |
| **Maio** | 6.307,3 | 32.113,6 | - | 5.916,1 | 6.307,3 | 38.029,7 |
| **Xuño** | 2.647,6 | 34.761,1 | - | 5.916,1 | 2.647,6 | 40.677,3 |
| **Xullo** | 1.869,5 | 36.630,6 | - | 5.916,1 | 1.869,5 | 42.546,7 |
| **Agosto** | 1.562,1 | 38.192,7 | - | 5.916,1 | 1.562,1 | 44.108,8 |
| **Setembro** | 2.934,3 | 41.127,0 | - | 5.916,1 | 2.934,3 | 47.043,1 |
| **Outubro** | 1.841,0 | 42.968,0 | - | 5.916,1 | 1.841,0 | 48.884,1 |
| **Novembro** | 651,1 | 43.619,1 | - | 5.916,1 | 651,1 | 49.535,3 |
| **Decembro** | 286,5 | 43.905,7 | - | 5.916,1 | 286,5 | 49.821,8 |

(1) Os datos das táboas corresponden unicamente o residuo descargado. Os datos comenzan no 20 de novembro de 2002.
Fonte: Consellería de Medio Ambiente

5.3.9.

**Estado das praias galegas a 31 de decembro de 2003**

| | Limpas | En rocas e/ou capas profundas | Con restos de fuel |
|---|---|---|---|
| **A Coruña** | 386 | 3 | 1 |
| Norte (1) | 134 | 1 | - |
| Centro (2) | 122 | 2 | 1 |
| Sur (3) | 130 | - | - |
| **Lugo** | 63 | - | - |
| **Pontevedra** | 249 | - | - |
| **Parque Illas Atlánticas** | 20 | 1 | - |
| **Total** | 718 | 4 | 1 |

(1) Comprende o litoral desde Caión ata o límite a provincia de Lugo
(2) Comprende o litoral desde Monte Louro (Muros) ata Caión (Laracha), ambos incluidos.
(3) Comprende o litoral desde o límite da provincia de Pontevedra ata Monte Louro (Muros)
Fonte: *Ministerio de Medio Ambiente*

Mariños e un 7,3% á Consellería de Medio Ambiente. No que á distribución do gasto segundo programas, o **cadro 5.3.5.** amosa que o 614B "Ordenación, reestruturación, fomento e mellora da producción pesqueira de cultivos mariños" absorbeu o 79,3% do gasto, con 89.743,4 miles de euros, seguido polo 342A "Protección e Mellora do Medio Ambiente" e o 751A "Fomento e potenciación do turismo", co 7,1% (8.030,2 miles de euros) e 4,1% (4.676,8 miles de euros), respectivamente.

En relación á recollida de residuos procedentes do *Prestige*, o **cadro 5.3.8.** amosa que ó longo do 2003 recolléronse un total de 49.821,8 toneladas, das que 43.905,7 toneladas corresponden a residuos sólidos, e 5.916,1 toneladas a auga-hidrocarburos.

No concernente ó estado das praias, os datos da Dirección General de Costas (Ministerio de Medio Ambiente) amosan que a 31 de decembro de 2003 había unha praia con restos de fuel e catro con fuel en rochas e/ou capas profundas (**cadro 5.3.9.**).

Na provincia de A Coruña, as praias con afección permanente nesa data son a de Rostro en Fisterra, con presencia de

**5.3.10.** *Nivel de pole en Galicia 2003: distribución segundo especies*

*(en gramos de pole / metros cúbicos de aire)*

| | A Coruña | Lugo | Santiago | Verín | Vigo | Viveiro | Ourense | Trives |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Total** | 7.371 | 17.283 | 17.508 | 17.194 | 20.965 | 8.300 | 14.558 | 19.333 |
| **Estrugas** | 2.291 | 2.162 | 1.456 | - | 4.707 | 2.102 | - | - |
| **Gramíneas** | 1.318 | 5.684 | 3.112 | 6.555 | 3.856 | 1.173 | 2.096 | 7.003 |
| **Bidueiro** | - | - | 6.756 | - | - | 704 | - | - |
| **Piñeiro** | 805 | 1.948 | - | 4.228 | 6.132 | 1.414 | 3.717 | 1.752 |
| **Carballo** | - | 1.900 | - | 1.770 | 1.709 | - | 2.712 | 3.537 |
| **cupresaceas** | 440 | - | - | - | - | - | - | - |
| **Castiñeiro** | - | - | 1.237 | 604 | - | - | - | 1.722 |
| **Plátano** | - | - | - | | - | - | 1.782 | - |
| **Outros** | 2.517 | 5.589 | 4.947 | 4.037 | 4.561 | 2.907 | 4.251 | 5.319 |

Fonte: *Consellería de Medio Ambiente*

restos de fuel na zona submareal, e as de Sorrizo-Portochás, en Arteixo, e Moreira, en Muxía, sometidas a investigación (biorremediación). A praia con chegada de restos de fuel é a de Nemiña en Muxía. En Pontevedra, a zona rochosa de 1 cala e boleira das Illas Atlánticas está pendente do inicio de procesos de biorremediación.

## Aire

Un indicador da situación da atmosfera ven dado polo **nivel de pole** no aire. Segundo os datos da Rede galega de aerobioloxía, cómpre salientar, polo seu carácter alergóxeno como pola súa gran presencia en Galicia, a presencia das gramíneas, seguida do piñeiro e das urticáceas (estrugas); tamén fonte de alerxias é o carballo.

O **cadro 5.3.10.** reflicte os datos dos oito captadores distribuídos ó longo da xeografía galega. En canto á cantidade de gramos de pole por metro cúbico de aire, salienta Vigo e Trives, con 20.965 e 19.333 gramos de pole por metro cúbico. En canto ás diferentes especies, cómpre salienta-lo papel das gramíneas en Verín e Trives, do piñeiro en Vigo, mentres que no captador de Santiago, a especie predominante é o bidueiro.

## Auga e costas

A análise da situación das augas e as costas españolas e galegas divídese en dúas grandes partes. A primeira, tendo en conta variables publicadas polo INE, presenta os datos da precipitación acuosa, a situación dos embalses, o prezo medio da auga nas distintas comunidades autónomas e presenta os principais datos da *Encuesta sobre el suministro y tratamento del agu*a.

A segunda parte céntrase nos investimentos nas costas españolas e nos deslindes nas costas ó longo de 2003. A fonte estatística empregada para os datos desta segunda parte é o *Informe de coyuntura anual* do Ministerio de Medio Ambiente.

### • *Auga*

O **cadro 5.3.11.**, que recolle os datos da precipitación acuosa ó longo dos anos 2001 e 2002, reflicte que a vertente Norte e Noroeste é a que rexistrou o maior número de litros por metro cadrado, con 1.490 litros, o que representa o 19,4% da precipitación total no conxunto das cuncas hidrográficas. Pola contra, as zonas con menores precipitacións son a cunca do Júcar e do Segura, con 580 e 346 litros por metro cadrado, respectivamente.

Comparado coa precipitación do ano anterior, a vertente norte e noroeste rexistra unha medra do 3,8% (55 litros por metro cadrado) fronte ó 7,7% (549 litros por metro cadrado) no conxunto das cuncas españolas.

## 5.3.11.

### *Precipitación acuosa (1) 2001-02: distribución segundo cuncas hidrográficas*

| | 2001 | 2002 | 02/01 |
|---|---|---|---|
| | *(litros por metro cadrado)* | | *(%)* |
| **España peninsular** | 670 | 720 | 7,5 |
| **Vertente Norte e Noroeste** | 1.435 | 1.490 | 3,8 |
| **Cunca do Duero** | 615 | 690 | 12,2 |
| **Cunca do Tajo** | 665 | 705 | 6,0 |
| **Cunca do Guadiana** | 632 | 550 | -13,0 |
| **Cunca do Guadalquivir** | 673 | 614 | -8,8 |
| **Vertiente Sur** | 517 | 499 | -3,5 |
| **Cunca do Segura** | 402 | 346 | -13,9 |
| **Cunca do Júcar** | 455 | 580 | 27,5 |
| **Cunca do Ebro** | 485 | 647 | 33,4 |
| **Vertente do Pirineo Oriental** | 568 | 825 | 45,2 |

**(1) media en litros por metro cuadrado**

Fonte: *INE*

## 5.3.12.

### *Capacidade total dos embalses peninsulares e auga embalsada 2002-03: distribución segundo cuncas*

| | 2002 | | 2003 | | 03/02 | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Capacidade | Auga | Capacidade | Auga | Capacidade | Auga |
| | *(millóns de metros cúbicos)* | | | | *(%)* | |
| **Norte** | 4.355 | 3.826 | 4.360 | 3.027 | 0,1 | -20,9 |
| **Duero** | 7.459 | 5.598 | 7.463 | 5.474 | 0,1 | -2,2 |
| **Tajo** | 10.975 | 7.175 | 10.974 | 6.795 | - 0,0 | -5,3 |
| **Guadiana** | 8.821 | 5.648 | 9.659 | 6.737 | 9,5 | 19,3 |
| **Guadalquivir** | 8.814 | 5.742 | 8.782 | 6.557 | - 0,4 | 14,2 |
| **Sur** | 1.113 | 379 | 1.041 | 540 | - 6,5 | 42,5 |
| **Segura** | 1.084 | 147 | 1.129 | 180 | 4,2 | 22,4 |
| **Júcar** | 3.346 | 766 | 3.346 | 1.073 | - | 40,1 |
| **Ebro** | 6.504 | 5.013 | 6.504 | 5.294 | - | 5,6 |
| **Interiores de Cataluña** | 740 | 490 | 740 | 572 | 0,0 | 16,7 |
| **Total** | 53.211 | 34.784 | 53.998 | 36.249 | 1,5 | 4,2 |

Fonte: *INE*

## 5.3.13.

### *Perdas de auga na rede de distribución nas CC.AA. 2001-02*

| | Auga perdida | | |
|---|---|---|---|
| | 2001 | 2002 | 02/01 |
| | *(en miles de m³)* | | |
| **Andalucía** | 163.441 | 175.892 | 7,6 |
| **Aragón** | 51.127 | 44.476 | -13,0 |
| **Asturias** | 22.433 | 17.352 | -22,6 |
| **Baleares, Illas** | 21.146 | 21.746 | 2,8 |
| **Canarias** | 38.478 | 35.109 | -8,8 |
| **Cantabria** | 16.215 | 15.567 | -4,0 |
| **Castela e León** | 75.609 | 63.253 | -16,3 |
| **Castela-A Mancha** | 36.216 | 35.214 | -2,8 |
| **Cataluña** | 119.021 | 139.601 | 17,3 |
| **Valenciana** | 124.971 | 125.616 | 0,5 |
| **Estremadura** | 17.242 | 19.558 | 13,4 |
| **Galicia** | 47.728 | 52.385 | 9,8 |
| **Madrid** | 79.092 | 74.981 | -5,2 |
| **Murcia** | 23.348 | 21.789 | -6,7 |
| **Navarra** | 11.754 | 8.641 | -26,5 |
| **País Vasco** | 71.040 | 65.371 | -8,0 |
| **Rioxa, A** | 6.786 | 7.510 | 10,7 |
| **Ceuta e Melilla** | 7.174 | 3.369 | -53,0 |
| **España** | 932.821 | 927.430 | -0,6 |

Fonte: *INE, Encuesta sobre el suministro y tratamiento del agua*

5.3.14.

*Prezo medio da agua nas CC.AA. 2001-02*

| | Prezo medio | | 02/01 |
|---|---|---|---|
| | 2001 | 2002 | |
| | (€ /m3) | | (%) |
| **Andalucía** | 0,64 | 0,69 | 7,8 |
| **Aragón** | 0,59 | 0,62 | 5,1 |
| **Asturias** | 0,55 | 0,59 | 7,3 |
| **Baleares, Illas** | 1,45 | 1,48 | 2,1 |
| **Canarias** | 1,66 | 1,67 | 0,6 |
| **Cantabria** | 0,52 | 0,55 | 5,8 |
| **Castela e León** | 0,45 | 0,49 | 8,9 |
| **Castela-A Mancha** | 0,48 | 0,52 | 8,3 |
| **Cataluña** | 0,91 | 0,98 | 7,7 |
| **Valenciana** | 0,72 | 0,78 | 8,3 |
| **Estremadura** | 0,74 | 0,76 | 2,7 |
| **Galicia** | 0,60 | 0,61 | 1,7 |
| **Madrid** | 0,76 | 0,81 | 6,6 |
| **Murcia** | 1,02 | 1,08 | 5,9 |
| **Navarra** | 0,59 | 0,63 | 6,8 |
| **País Vasco** | 1,09 | 1,14 | 4,6 |
| **Rioxa, A** | 0,42 | 0,44 | 4,8 |
| **Ceuta e Melilla** | 0,63 | 0,68 | 7,9 |
| **España** | 0,76 | 0,81 | 6,6 |

Fonte: *INE, Indicadores sobre el agua*

No concernente á capacidade dos **embalses** e á cantidade de auga embalsada, o **cadro 5.3.12.** reflicte que a zona norte presenta unha capacidade de 4.360 millóns de metros cúbicos (o 8,1% do total estatal) sendo a auga embalsada de 3.027 millóns de metros cúbicos, o 8,4% do total de España. Comparado co ano anterior, cómpre salientar que se produce un descenso do 20,9% no volume de auga embalsada na zona norte, fronte á medra do 4,2% no conxunto do Estado.

As **perdas de auga** na rede de distribución en Galicia no ano 2002 (último ano dispoñible) ascenderon a 52,4 millóns de m$^3$ , un 9,8% máis que en 2001, o que representa o 5,6% do total de perdas de na rede de distribución no conxunto do estado español en 2002 (5,1% en 2001).

O **cadro 5.3.13.** amosa que o volume de perdas de auga na rede de distribución en Galicia no último ano, é o sétimo máis importante de tódalas comunidades autónomas, por detrás de Andalucía, Cataluña, a C. Valenciana, Madrid, País Vasco e Castela e León.

Finalmente, o **cadro 5.3.14.** mostra o **prezo** medio da auga nas diferentes Comunidades Autónomas no período 2001-02. En Galicia, no ano 2002, o prezo por m$^3$ de auga situouse en 0,61 euros, por debaixo da media estatal (0,81 euros) e por riba de comunidades como Asturias (0,59), Cantabria (0,55), Castela e León (0,49), Castela-A Mancha (0,52) e A Rioxa (0,44). O prezo do m$^3$ de auga en Galicia incrementouse un 1,7% (un céntimo de euro) respecto do ano anterior, fronte ó 6,6% (5 céntimos) de incremento da media estatal.

Ó longo do ano 2002 distribuíuse en Galicia un total de 261,1 millóns de m$^3$ de auga, dos que un 50,0% destináronse ó uso dos fogares, un 24,0% ós sectores económicos e un 9,5% a consumos municipais (**cadro 5.3.15.**).

No que respecta á recollida e tratamento de **augas residuais** nas diferentes Comunidades Autónomas, o **cadro 5.3.16.** indica que en 2002 recolléronse en Galicia 616.282 m$^3$ de augas residuais por día, dos que foron tratados 523.872 m$^3$, o que sitúa a Galicia no quinto lugar despois de Cataluña, Andalucía, Madrid e Valencia. A porcentaxe de augas residuais tratadas sobre o

5.3.15.

**Auga controlada e distribuida para o abastecemento público 2002: distribución segundo grandes grupos de usuarios**

| | Sectores económicos | Fogares | Consumos municipais | Outros | Total |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | (en miles de m $^3$ ) | | |
| Andalucía | 120.917 | 501.159 | 65.944 | 14.939 | 702.959 |
| Aragón | 35.791 | 75.452 | 2.311 | 2.476 | 116.030 |
| Asturias | 25.648 | 62.094 | 4.114 | 252 | 92.108 |
| Baleares, Illas | 26.267 | 42.567 | 1.905 | 1.053 | 71.792 |
| Canarias | 41.775 | 90.423 | 12.026 | 5.953 | 150.177 |
| Cantabria | 22.768 | 35.980 | 2.377 | 4.588 | 65.713 |
| Castela e León | 73.307 | 140.703 | 30.318 | 16.194 | 260.522 |
| Castela-A Mancha | 21.890 | 120.259 | 15.245 | 2.044 | 159.438 |
| Cataluña | 152.184 | 432.952 | 35.064 | 12.518 | 632.718 |
| Valenciana | 76.441 | 249.908 | 21.338 | 3.695 | 351.382 |
| Estremadura | 18.577 | 64.754 | 9.442 | 4.409 | 97.182 |
| Galicia | 62.532 | 130.504 | 24.738 | 43.292 | 261.066 |
| Madrid | 94.818 | 334.134 | 58.676 | 180 | 487.808 |
| Murcia | 21.349 | 65.186 | 8.207 | 7.684 | 102.426 |
| Navarra | 20.012 | 30.798 | 5.443 | 3.441 | 59.694 |
| País Vasco | 63.611 | 112.832 | 15.595 | 3.685 | 195.723 |
| Rioxa, A | 12.272 | 14.355 | 12.784 | 36 | 39.447 |
| Ceuta e Melilla | 880 | 7.750 | 258 | 624 | 9.512 |
| España | 891.039 | 2.511.810 | 325.785 | 127.063 | 3.855.697 |

Fonte: *INE, Encuesta sobre el suministro y tratamiento del agua*

5.3.16.

**Recollida e tratamento das augas residuais 2002: distribución segundo clase de indicador e comunidade autónoma**

| | Augas residuais | | Volumen total de agua vertida | Volumen total de agua reutilizada |
|---|---|---|---|---|
| | Recollidas | Tratadas | | |
| | | | (en m $^3$ /día) | |
| Andalucía | 1.747.310 | 1.543.520 | 1.646.866 | 100.443 |
| Aragón | 304.134 | 247.118 | 268.065 | 36.069 |
| Asturias | 231.286 | 86.113 | 230.083 | - |
| Baleares, Illas | 175.932 | 172.067 | 111.445 | 64.486 |
| Canarias | 294.887 | 207.657 | 165.554 | 102.440 |
| Cantabria | 86.749 | 65.373 | 80.377 | 753 |
| Castela e León | 584.627 | 513.616 | 556.194 | 18.050 |
| Castela-A Mancha | 346.342 | 301.625 | 324.157 | 17.241 |
| Cataluña | 1.687.875 | 1.435.569 | 1.674.094 | 13.781 |
| Valenciana | 712.913 | 625.980 | 644.082 | 66.078 |
| Estremadura | 259.693 | 244.332 | 257.374 | 17.082 |
| Galicia | 616.282 | 523.872 | 615.710 | 574 |
| Madrid | 1.152.174 | 1.107.471 | 1.144.970 | 7.204 |
| Murcia | 244.007 | 222.263 | 209.343 | 34.664 |
| Navarra | 148.297 | 140.459 | 141.379 | 6.917 |
| País Vasco | 527.038 | 475.505 | 501.814 | 10.598 |
| Rioxa, A | 83.894 | 83.811 | 83.760 | 134 |
| Ceuta e Melilla | 20.000 | 20.000 | 19.800 | 200 |
| España | 9.223.440 | 8.016.351 | 8.675.067 | 496.714 |

Fonte: *INE, Encuesta sobre el suministro y tratamiento del agua*

total de recollidas é do 85,0% en Galicia, lixeiramente por baixo do valor acadado no conxunto do Estado.

Galicia é a quinta comunidade en volume total de auga vertida, con 615.710 m$^3$ por día, por detrás de Cataluña, Andalucía, Madrid e a C. Valenciana, e é a cuarta comunidade con menor volume de auga reutilizada, con 574 m$^3$ por día, só por diante de Asturias, A Rioxa e Ceuta e Melilla.

• ***Costas***

Ó longo do ano 2003 os investimentos nas costas galegas ascenderon a 101.317 miles de euros (o 87.973,7 millóns na provincia de A Coruña), o que representa o 48,6% do investimento total

5.3.17.

*Investimentos nas costas españolas 2002-03: distribución segundo comunidade autónoma*

| | 2003 | | | | | | 2002 (1) | 03/02 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Praias | Paseos | Accesos | Deslindes | Estudios | | |
| | | | | *(en miles de €)* | | | | *(%)* |
| **Andalucía** | 28.879,9 | 14.939,5 | 5.253,7 | 3.040,3 | 48,4 | 5.598,0 | 35.926 | -19,6 |
| **Asturias** | 5.755,5 | 2.240,1 | 2.583,9 | 244,5 | 49,1 | 637,9 | 8.888 | -35,2 |
| **Baleares, Illas** | 21.316,8 | 8.773,3 | 2.668,7 | 3.896,2 | 38,3 | 5.940,3 | 19.033 | 12,0 |
| **Canarias** | 8.181,4 | 43,3 | 829,8 | 224,3 | 54,3 | 7.029,7 | 7.911 | 3,4 |
| **Cantabria** | 1.288,5 | 548,5 | 29,2 | - | 20,0 | 690,8 | 2.294 | -43,8 |
| **Cataluña** | 18.132,4 | 6.456,0 | 6.052,2 | 2.194,9 | - | 3.429,3 | 14.339 | 26,5 |
| **Valenciana** | 13.249,5 | 5.954,6 | 3.653,2 | 77,9 | 20,5 | 3.543,3 | 19.473 | -32,0 |
| **Galicia** | 101.316,5 | 87.787,5 | 2.575,0 | 4.057,9 | 76,6 | 6.819,5 | 119.771 | -15,4 |
| **A Coruña** | 87.973,7 | 83.047,3 | 1.272,4 | 872,5 | 76,6 | 2.704,9 | 109.941 | -20,0 |
| **Lugo** | 9.086,8 | 2.543,2 | 206,0 | 2.852,5 | - | 3.485,1 | 6.004 | 51,3 |
| **Pontevedra** | 4.256,0 | 2.197,0 | 1.096,6 | 332,9 | - | 629,5 | 3.826 | 11,2 |
| **Murcia** | 3.337,2 | 1.551,0 | 1.137,2 | 166,1 | 14,7 | 468,2 | 1.782 | 87,3 |
| **País Vasco** | 3.910,4 | 387,8 | 65,7 | 396,3 | 267,2 | 2.793,4 | 4.431 | -11,7 |
| **Ceuta e Melilla** | 176,5 | - | 119,1 | - | 30,0 | 27,4 | 744 | -76,3 |
| **Varias provincias** | 3.113,6 | - | - | - | 412,5 | 2.701,1 | 2.831 | 10,0 |
| **España** | 208.658,2 | 128.681,6 | 24.967,7 | 14.298,4 | 1.031,6 | 39.678,9 | 237.423 | -12,1 |

**(1) En 2002 os datos da provincia de A Coruña inclúe 98.629 miles de euros do Prestige**
Fonte: *Ministerio de Medio Ambiente*

5.3.18.

*Deslindes nas costas españolas 2002-03*

| | 2002 | 2003 | 2003 - 2002 |
|---|---|---|---|
| | | *(en km)* | |
| **Andalucía** | 55,5 | 87,5 | 32,0 |
| **Asturias** | 30,3 | 39,4 | 9,1 |
| **Baleares, Illas** | - | - | 0,0 |
| **Canarias** | 146,6 | 42,2 | -104,4 |
| **Cantabria** | 35,6 | 15,1 | -20,5 |
| **Cataluña** | 6,1 | 0,7 | -5,4 |
| **Valenciana** | 7,7 | 0,9 | -6,8 |
| **Galicia** | 181,6 | 104,6 | -77,0 |
| **A Coruña** | 147,5 | 85,7 | -61,8 |
| **Lugo** | - | - | 0,0 |
| **Pontevedra** | 34,1 | 18,9 | -15,2 |
| **Murcia** | 11,2 | 11,4 | 0,2 |
| **País Vasco** | 43,4 | 30,6 | -12,8 |
| **Ceuta e Melilla** | - | - | 0,0 |
| **España** | 518,0 | 332,4 | -185,6 |

Fonte: *Ministerio Medio Ambiente*

nas costas españolas. Comparado co ano anterior, o **cadro 5.3.17.** reflicte que Galicia presenta unha caída do investimento por mor de que en 2002 están incluídos os 98.629 miles de euros destinados a palialos danos producidos polo vertido e afundimento do Prestige.

Na rexeneración de praias, dunas e zonas húmidas investíronse en Galicia 87.787,5 miles de euros, o 86,6% do total investido en Galicia, ascendendo o investimento en accesos e defensa da costa e en paseos marítimos a 4.057,9 e 2.575,0 miles de euros (o 4,0% e 2,5%, respectivamente). O investimento en estudios e traballos auxiliares ascendeu a 6.819,5 miles de euros, o 6,7%.

Ó longo do ano 2003 deslindáronse en Galicia un total de 104,6 quilómetros de costa, o que representa o 31,5% do total de deslindes nas costas españolas. Comparado co ano anterior, prodúcese unha reducción dos deslindes no litoral galego, con 77,0 km menos.

A lonxitude de costa deslindado na provincia de A Coruña ascendeu en 2003 a 85,7 km, o 82,0% do total galego, e os res-

tantes 18,9 km, o 18,0%, en Pontevedra. As dúas provincias experimentan unha caída nos deslindes do seu litoral, con 61,8 e 15,2 quilómetros menos, respectivamente.

## Solo

A análise do solo divídese en tres grandes partes nos que se analizan a evolución e os efectos dos conatos e incendios en Galicia, o estado dos bosques e finalmente, farase referencia á Rede Natura 2000 e á rede de parques nacionais. Os fontes de información empregadas son a Consellería de Medio Ambiente e o *Informe de coyuntura anual* do Ministerio de Medio Ambiente

• ***Incendios forestais***

Dende o punto de vista dos incendios forestais, o número de conatos e incendios rexistrados en Galicia en 2003 ascendeu a 8.553, dos que 6.272 sinistros corresponden a conatos (sinistros inferiores a unha hectárea), sendo a superficie total afectada de 19.834,9 hectáreas. Comparado co acontecido no conxunto do Estado, Galicia segue a se-la comunidade autónoma que presenta o maior número de sinistros, ó acolle-lo 44,1% dos sinistros rexistrados en España en 2003.

Os datos do Ministerio de Medio Ambiente, **cadro 5.3.19.**, mostran que os sinistros rexistrados en Galicia en 2003 afectaron a unha superficie que representaba o 15,3% do total da superficie total afectada en España, sendo a segunda CC.AA. en termos de superficie afectada, por detrás de Castela e León (17,0%). No caso das matogueiras e monte baixo esta porcentaxe ascende ata o 24,6%, e no caso da superficie arborada, a porcentaxe é do 10,6%.

Atendendo á distribución provincial, o devandito **cadro 5.3.19.** reflicte que Ourense é a que presenta o maior número de incendios, con 2.695 (o 31,5% dos lumes rexistrados en Galicia), seguida por Pontevedra e A Coruña, con 2.328 (o 27,2%) e 1.921 (22,5%) incendios, respectivamente. Pola contra, Lugo foi a provincia con maior superficie forestal queimada, con 8.221 hectáreas afectadas (o 41,4% da superficie galega afectada), por diante de Ourense, con 7.620,7 hectáreas (o 38,4%).

Comparado co acontecido en 2002, cómpre salientar que fronte ó descenso rexistrado no conxunto de Galicia tanto no número de sinistros como no da superficie afectada polos mesmos, a provincia de Lugo presenta unha importante medra nestas dúas variables.

O número de conatos e incendios rexistrados en Galicia en 2003 descendeu un 20,6% en relación ó ano 2003, sendo esta caída do 17,8% no caso dos conatos e do 27,3% no que ós incendios se refire. Esta caída no número de incendios rexistrados na comunidade galega, foi acompañado dun descenso tanto da superficie total afectada (un 24,1% menor que no ano anterior), como da superficie arborada (35,4%) e da matogueira e monte baixo (18,3%).

Atendendo á desagregación por provincias, o **cadro 5.3.19.** amosa unha medra do número de incendios na provincia de Lugo superior ó 25%, sendo do 138,0% no caso da superficie total afectada (a superficie arborada afectada incrementouse nun 262%). Nas outras tres provincias rexístrase un descenso tanto do número de sinistros como da superficie afectada, sendo a caída do número de sinistros en torno ó 30% nas provincias de Ourense e Pontevedra, e a caída da superficie afectada superior o 60% en Pontevedra e ó 50% en A Coruña.

Comparado co acontecido no con-

**5.3.19.**

***Incendios forestais en Galicia e España 2002-03: Nº de siniestros e superficie afectada***

**2002**

| | Total siniestros | | superficie afectada | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | conatos (<1 ha) | incendios (>= 1 ha) | arborada | matorral e monte baixo | resto | superficie total |
| | | | | *(en has.)* | | |
| A Coruña | 1.641 | 685 | 1.244,5 | 2.483,4 | 30,0 | 3.757,9 |
| Lugo | 805 | 470 | 636,9 | 2.791,0 | 26,6 | 3.454,4 |
| Ourense | 2.390 | 1.506 | 3.804,6 | 9.045,7 | 193,4 | 13.043,7 |
| Pontevedra | 2.798 | 478 | 1.892,4 | 3.954,5 | 22,4 | 5.869,3 |
| **Total** | 7.634 | 3.139 | 7.578,4 | 18.274,5 | 272,3 | 26.125,2 |
| **España** | 12.110 | 7.819 | 25.196,9 | 62.810,4 | 19.464,7 | 88.007,3 |
| **Galicia / España** *(%)* | 63,0 | 40,1 | 30,1 | 29,1 | 1,4 | 29,7 |

**2003** (1)

| | Total siniestros | | superficie afectada | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | conatos (<1 ha) | incendios (>= 1 ha) | arborada | matorral e monte baixo | resto (2) | superficie total |
| | | | | *(en has.)* | | |
| A Coruña | 1.441 | 480 | 522,9 | 1.286,6 | - | 1.809,4 |
| Lugo | 1.036 | 573 | 2.305,7 | 5.915,9 | - | 8.221,5 |
| Ourense | 1.740 | 955 | 1.291,7 | 6.329,0 | - | 7.620,7 |
| Pontevedra | 2.055 | 273 | 775,6 | 1.407,6 | - | 2.183,3 |
| **Total** | 6.272 | 2.281 | 4.895,8 | 14.939,1 | - | 19.834,9 |
| **España** | 13.136 | 6.280 | 46.289,2 | 60.766,7 | 22.989,7 | 130.045,7 |
| **Galicia / España** *(%)* | 47,7 | 36,3 | 10,6 | 24,6 | - | 15,3 |

(1) Datos provisionais.
(2) Os datos de Andalucía e Castela e León non se dispoñen.
Fonte: *Ministerio de Medio Ambiente*

**5.3.20.**

***Causas dos lumes 2003***

| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Total |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | *(%)* | | |
| **Basureiros** | 0,9 | 0,1 | 0,1 | 0,3 | 0,4 |
| **Descoñecida** | 8,7 | 6,3 | 8,8 | 9,2 | 8,4 |
| **Reproducción** | 0,5 | 3,4 | 3,6 | 5,5 | 3,4 |
| **Intencionado** | 85,3 | 79,1 | 82,6 | 79,1 | 81,5 |
| **Neglixencia** | 3,5 | 2,2 | 1,3 | 4,2 | 2,8 |
| **Outros** | 0,8 | 2,2 | 0,4 | 0,7 | 0,9 |
| **Causa natural** | 0,3 | 6,7 | 3,2 | 1,0 | 2,6 |
| **Total** | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 |

Fonte: *Consellería de Medio Ambiente*

xunto do Estado, Galicia segue a se-la comunidade autónoma que presenta o maior número de sinistros, ó acolle-lo 44,1% dos sinistros rexistrados en España en 2003. Os datos do Ministerio de Medio Ambiente, **cadro 5.3.19.**, mostran que os sinistros rexistrados en Galicia no ano 2003 afectaron a unha superficie que representaba o 15,3% do total da superficie total afectada en España. No caso dos matogueiras e monte baixo esta porcentaxe ascende ata o 24,6%, e no caso da superficie arborada, a porcentaxe é do 10,6%.

### • *Estado dos bosques*

Os datos do *Inventario de daños forestais* reflicten que o estado do 87,3% das árbores estudiadas presentan en 2003 unha defoliación inferior ó 25%, e un 8,7% das mesmas, superior ó 25%. Comparado co ano anterior, o **cadro 5.3.21.** indica a medra da porcentaxe de árbores

5.3.21. **Estado dos bosques nas CC.AA. 2002-03: distribución segundo grado de danos** (1)

| | 2002 | | 2003 | | 2002-2003 | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Clase 0 + 1 | Clase 2 + 3 | Clase 0 + 1 | Clase 2 + 3 | Clase 0 + 1 | Clase 2 + 3 |
| | (%) | | (%) | | (en puntos porcentuais) | |
| Andalucía | 84,3 | 12,3 | 82,8 | 14,6 | -1,5 | 2,3 |
| Aragón | 82,2 | 16,0 | 87,8 | 9,3 | 5,7 | -6,7 |
| Asturias | 88,7 | 5,3 | 84,7 | 8,3 | -3,9 | 3,0 |
| Baleares | 60,7 | 28,7 | 61,6 | 27,3 | 0,9 | -1,4 |
| Canarias | 80,8 | 18,9 | 84,3 | 15,1 | 3,5 | -3,9 |
| Cantabria | 97,2 | 2,8 | 83,3 | 4,6 | -13,9 | 1,9 |
| Catela A Mancha | 83,8 | 15,7 | 82,9 | 16,4 | -0,9 | 0,7 |
| Castela e León | 89,2 | 9,7 | 87,7 | 11,6 | -1,5 | 2,0 |
| Cataluña | 75,2 | 23,4 | 80,4 | 18,5 | 5,2 | -4,9 |
| Estremadura | 88,6 | 11,0 | 79,4 | 19,4 | -9,2 | 8,4 |
| Galicia | 89,6 | 7,1 | 87,3 | 8,7 | -2,3 | 1,6 |
| Madrid | 69,4 | 29,2 | 79,2 | 20,8 | 9,7 | -8,3 |
| Murcia | 96,9 | 2,8 | 87,2 | 12,9 | -9,7 | 10,1 |
| Navarra | 55,1 | 42,8 | 55,1 | 43,8 | 0,0 | 0,9 |
| A Rioxa | 86,5 | 2,1 | 97,9 | 1,0 | 11,5 | -1,0 |
| País Vasco | 74,2 | 7,5 | 93,6 | 4,7 | 19,4 | -2,8 |
| C. Valenciana | 88,3 | 11,4 | 84,6 | 7,7 | -3,6 | -3,7 |
| Total España | 86,6 | 14,1 | 83,4 | 14,4 | -3,1 | 0,3 |

(1) Os grados dos danos é o seguinte: Clase 0, do 0% ó 10% da copa defoliada; clase 1, do 11% ó 25% da copa defoliada; clase 2, do 26% ó 60% da copa defoliada; clase 3, máis do 60% da copa defoliada.
Fonte: *Ministerio de Medio Ambiente*

cunha defoliación superior ó 25% (1,6 puntos porcentuais máis).

Comparado co total estatal, o Galicia presenta, nos dous anos considerados, unha porcentaxe superior no caso da defoliación inferior ó 25% (5,8 puntos menos en 2003), sendo inferior cando a capa defoliada supera o 25% (3,9 puntos menos).

### • *Rede Natura 2000*

A Rede Natura 2000 en Galicia ocupa unha superficie total de 371.515 hectáreas, das que 342.918 hectáreas corresponden á superficie terrestre e 28.597 hectáreas á superficie mariña. A porcentaxe territorial ocupada pola Rede Natura en Galicia é do 11,7%, sendo esta porcentaxe do 24,3% no conxunto do Estado.

Comparado coa superficie total da Rede Natura 2000 en España, o **cadro 5.3.22.** amosa que a comunidade autónoma galega representa o 2,9% da superficie da Rede en España, sendo esta porcentaxe do 2,8% no caso da superficie terrestre e do 4,5% no caso da superficie mariña.

No ano 2003 o número de Lugares de Importancia Comunitaria (LIC) ascende a 57. Sendo a superficie total de 368.628 hectáreas, o 11,6% da superficie territorial galega. Comparado co total estatal Galicia acolle o 4,4% dos LIC e o 3,1% da superficie.

No que ás Zonas de Especial Protección para as aves (ZEPA) se refire, cómpre salientar que en novembro de 2003 transmitiuse á Comisión Europea unha nova área ZEPA (complexo litoral de Corrubedo), a modificación territorial de dúas ZEPA xa existentes (Costa da Morte (Norte) e Costa Ferrolterra-Valdoviño), así coma a mellora xeral de información en formularios e cartografía. As nove ZEPA, incluída a de Ribadeo, compartida con Asturias, de 24.609 hectáreas.

### • *Parques nacionais*

A suma de investimentos reais executada en 2003 na rede de parques nacionais ascendeu a 41,2 millóns de euros, dos que o Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia recibiu 5,4 millóns de euros (o 13,2%). Comparado co resto dos parques nacionais, o de Galicia foi o

5.3.22.

**Estado de aplicación da Red Natura 2000**

| | Superficie | | | Red Natura/ Sup. total |
|---|---|---|---|---|
| | Terrestre | Marina | Total | |
| | | (en ha.) | | (%) |
| **Andalucía** | 2.517.084 | 77.085 | 2.594.169 | 28,8 |
| **Aragón** | 1.354.515 | - | 1.354.515 | 28,4 |
| **Asturias** | 230.842 | 17.165 | 248.007 | 21,8 |
| **Baleares** | 79.186 | 91.364 | 170.550 | 15,8 |
| **Canarias** | 316.090 | 171.796 | 487.886 | 42,4 |
| **Cantabria** | 143.327 | 1.000 | 144.327 | 27,1 |
| **Castela e León** | 2.198.499 | - | 2.198.499 | 23,3 |
| **Catela A Mancha** | 1.641.858 | - | 1.641.858 | 20,7 |
| **Cataluña** | 610.673 | 9.090 | 619.763 | 19,1 |
| **C. Valenciana** | 635.542 | 62.199 | 697.741 | 27,3 |
| **Estremadura** | 1.067.175 | - | 1.067.175 | 25,7 |
| **Galicia** | 342.918 | 28.597 | 371.515 | 11,7 |
| **Madrid** | 324.875 | - | 324.875 | 40,6 |
| **Murcia** | 263.449 | 181.062 | 444.511 | 23,3 |
| **Navarra** | 251.885 | - | 251.885 | 24,2 |
| **País Vasco** | 145.281 | 1.214 | 146.495 | 20,0 |
| **A Rioxa** | 166.359 | - | 166.359 | 33,0 |
| Ceuta | 631 | 836 | 1.467 | 32,0 |
| Melilla | 99 | 500 | 599 | 7,1 |
| **Total España** | 12.289.558 | 640.572 | 12.930.130 | 24,3 |

Fonte: *Ministerio de Medio Ambiente*

que recibiu o maior investimento, seguido por Doñana (12,5%) e Serra Nevada (6,9%).

O importe total das subvencións que a rede de parques Nacionais concede a concellos, empresas e particulares das súas áreas de influencia socioeconómica. Ó longo de 2003 estas subvencións ascenderon en Galicia a 198,2 miles de euros, o 1,5% do total de subvencións outorgadas.

## Residuos sólidos

Segundo os datos da *Encuesta sobre la recogida y tratamiento de residuos urbanos*, **cadro 5.3.23.**, ó longo do ano 2001 recolléronse en Galicia 1.622,3 miles de toneladas de **residuos urbanos** (selectivos e mesturados), o que representa un 6,2% do total estatal. Comparado co ano anterior, en Galicia prodúcese unha caída do 3,7% na cantidade de residuos recollidos, sendo esta porcentaxe tres puntos superior á rexistrada en España.

Atendendo ó tipo de residuo producido en Galicia en 2002, o **cadro 5.3.24.** amosa que no caso dos residuos urbanos recolléronse un total de 551 quilogramos por habitante, sendo de 15,6 kg/hab e de 10,3 quilogramos por habitante no caso do vidro e do papel e cartón.

O volume de residuos mesturados en 2001 foi de 1.485,9 miles de toneladas (o 6,2% do total estatal) o que supón unha media de 526 quilogramos por habitante (565 kg/hab. en España), un 8,4% menos que en 2000 (574 kg/hab.). A cantidade de residuos urbanos recollidos selectivamente en Galicia ascendeu a 136,4 miles de toneladas, o que representa o 5,9% da media estatal. Comparado co ano anterior, a diferencia do acontecido no conxunto do estado, prodúcese unha caída do 5,2% nos residuos mesturados (medra un 1,0% en España) e unha medra do 16,2% no caso dos residuos recollidos selectivamente (–14,5% de media en España).

No concernente á xeración de **residuos na industria** galega, os **cadros 5.3.27.** a **5.3.29.** reflicten que ó longo do ano 2001 (o derradeiro ano dispoñible) a industria xerou 3.561,2 miles de toneladas, o que supón un 24,7% menos que o rexistrado no ano anterior. Este descenso prodúcese, fundamentalmente, pola caída rexistrada nas actividades siderúrxicas e

5.3.23.

**Recollida de residuos domésticos e públicos 2000-01: distribución segundo tipo de residuo**

| | 2001 | | 2000 | | 01/00 | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Residuos mezclados | Res. recollidos selectivamente | Residuos mezclados | Res. recollidos selectivamente | Residuos mezclados | Res. recollidos selectivamente |
| | (toneladas) | | | | (%) | |
| **Andalucía** | 4.852.155 | 382.114 | 5.031.298 | 494.993 | -3,6 | -22,8 |
| **Aragón** | 814.638 | 86.380 | 786.135 | 93.727 | 3,6 | -7,8 |
| **Asturias** | 621.729 | 39.952 | 626.483 | 96.868 | -0,8 | -58,8 |
| **Baleares** | 624.746 | 38.461 | 690.438 | 31.226 | -9,5 | 23,2 |
| **Canarias** | 1.187.092 | 77.990 | 1.270.765 | 81.819 | -6,6 | -4,7 |
| **Cantabria** | 308.393 | 27.237 | 225.436 | 34.808 | 36,8 | -21,8 |
| **Castela e León** | 971.141 | 66.109 | 829.370 | 68.436 | 17,1 | -3,4 |
| **Castela - A Mancha** | 1.194.785 | 80.937 | 1.063.710 | 84.186 | 12,3 | -3,9 |
| **Cataluña** | 3.819.417 | 352.042 | 3.651.641 | 467.065 | 4,6 | -24,6 |
| **Comunidade Valenciana** | 2.373.247 | 233.193 | 2.457.594 | 238.559 | -3,4 | -2,2 |
| **Estremadura** | 518.010 | 58.801 | 530.715 | 38.715 | -2,4 | 51,9 |
| **Galicia** | 1.485.886 | 136.397 | 1.567.762 | 117.420 | -5,2 | 16,2 |
| **Madrid** | 3.002.901 | 513.541 | 2.874.507 | 539.594 | 4,5 | -4,8 |
| **Murcia** | 614.127 | 41.747 | 635.213 | 32.267 | -3,3 | 29,4 |
| **Navarra** | 320.753 | 50.800 | 328.598 | 63.515 | -2,4 | -20,0 |
| **País Vasco** | 1.072.391 | 103.316 | 1.013.908 | 207.936 | 5,8 | -50,3 |
| **A Rioxa** | 168.713 | 26.388 | 150.418 | 18.494 | 12,2 | 42,7 |
| **Ceuta e Melilla** | 69.286 | 12.717 | 58.184 | 3.187 | 19,1 | 299,0 |
| **Total** | 24.019.377 | 2.320.732 | 23.792.175 | 2.712.815 | 1,0 | -14,5 |

Fonte: *INE, Encuesta sobre recogida y tratamiento de residuos urbanos*

5.3.24.

**Residuos urbanos producidos nas CC.AA. 2001: distribución segundo tipo de residuo producido**

| | Domésticos | Papel e cartón | Vidrio | Plástico |
|---|---|---|---|---|
| | (Kg./hab./ano) | | | |
| **Andalucía** | 660 | 13,7 | 14,8 | 5 |
| **Aragón** | 677 | 15,1 | 12,8 | 8 |
| **Asturias** | 585 | 19,6 | 15,3 | 3 |
| **Baleares** | 742 | 20,9 | 21,9 | 1 |
| **Canarias** | 701 | 20,4 | 18,6 | 5 |
| **Cantabria** | 576 | 20,0 | 20,9 | 4 |
| **Castela e León** | 486 | 11,6 | 14,9 | 0 |
| **Castela - A Mancha** | 552 | 12,7 | 11,6 | 1 |
| **Cataluña** | 602 | 15,6 | 14,4 | 5 |
| **Comunidade Valenciana** | 570 | 10,8 | 13,5 | 7 |
| **Estremadura** | 489 | 16,5 | 22,3 | 8 |
| **Galicia** | 551 | 10,3 | 15,6 | 4 |
| **Madrid** | 554 | 20,7 | 21,3 | 15 |
| **Murcia** | 513 | 9,8 | 10,3 | 1 |
| **Navarra** | 577 | 29,9 | 18,0 | 17 |
| **País Vasco** | 515 | 27,1 | 9,7 | 1 |
| **A Rioxa** | 610 | 20,3 | 14,1 | 10 |
| **Ceuta e Melilla** | 502 | 16,8 | 11,7 | 8 |
| **Total** | 588 | 15,9 | 15,6 | 6 |

Fonte: *INE, Encuesta sobre recogida y tratamiento de residuos urbanos*

doutros productos metálicos e non metálicos. Do total de residuos xerados ó longo do último ano considerado, 2.706,6 miles de toneladas (o 76,0%) xeráronse nas industrias manufactureiras, 701,7 miles de toneladas (o 19,7%) nas actividades de producción e distribución de enerxía eléctrica, e 152,9 miles de toneladas (o 4,3%) nas industrias extractivas.

Comparado co total estatal, o volume de residuos xerado nas industrias galegas representa o 6,1% do total estatal, sendo o descenso rexistrado en Galicia case tres veces superior ó experimentado polas industrias españolas (24,7% e 8,9%, respectivamente). No conxunto do Estado as industrias extractivas xeraron o 58,8% dos residuos industriais, fronte ó 34,9% das industrias manufactureiras e o 6,2% das actividades de producción e distribución de enerxía eléctrica.

5.3.25.

### Destino de residuos urbanos mesturados e recollidos selectivamente 2001: distribución segundo tipo de residuo

( en Tm.)

| | Galicia | | | | España | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Xestionados mesma empresa | | Xestionados por outra empresa | Total | Xestionados mesma empresa | | Xestionados por outra empresa |
| | | Verquido | Tratamento | | | Verquido | Tratamento | |
| **Residuos mezclados** | 1.485.886 | 426.946 | 247.160 | 811.780 | 24.019.377 | 9.105.714 | 5.490.129 | 9.423.534 |
| R. domésticos mezclados y públicos similares | 1.418.820 | 390.627 | 231.640 | 796.553 | 23.113.289 | 8.662.313 | 5.345.758 | 9.105.218 |
| R. domésticos voluminosos mezclados | 67.066 | 36.319 | 15.520 | 15.227 | 906.088 | 443.401 | 144.371 | 318.316 |
| **Residuos recollidos selectivamente** | 136.397 | 7.797 | 38.864 | 89.736 | 2.320.732 | 72.978 | 751.828 | 1.495.926 |
| Aceites usados | 6.266 | - | - | 6.266 | 109.874 | 7.514 | 1.384 | 100.976 |
| Caucho (neumaticos..) | 185 | - | - | 185 | 9.710 | 682 | - | 9.028 |
| Pilas y Acumuladores | 785 | - | 680 | 105 | 21.756 | 4 | 12.538 | 9.214 |
| Papel y Cartón | 27.858 | - | 9.962 | 17.896 | 648.187 | 12.598 | 238.087 | 397.502 |
| Vidrio | 41.934 | 5.061 | - | 36.873 | 636.007 | 9.042 | 102.117 | 524.848 |
| Plasticos (expto embalajes) | 11.503 | - | 7.372 | 4.131 | 235.454 | 10.863 | 116.848 | 107.743 |
| Metales | 9.894 | - | 6.926 | 2.968 | 147.910 | 910 | 87.812 | 59.188 |
| Madera | 9.832 | 1.475 | 2.950 | 5.407 | 102.002 | 14.160 | 28.976 | 58.866 |
| Embalajes compuestos | 10.511 | 1.261 | 4.992 | 4.258 | 114.425 | 13.126 | 54.043 | 47.256 |
| Envases mixtos | 17.629 | - | 5.982 | 11.647 | 252.103 | 2.214 | 95.927 | 153.962 |
| Residuos animales y vegetales | - | - | - | - | 39.856 | 1.357 | 13.903 | 24.596 |
| Residuos sanitarios | - | - | - | - | 6 | 2 | 2 | 2 |
| Ropa y residuos textiles | - | - | - | - | 3.442 | 506 | 191 | 2.745 |
| Medicinas y productos químicos | 6.196 | - | - | 6.196 | 67.589 | 2 | 4 | 67.583 |
| Equipos desechados (electrodomésticos) | 1.866 | - | - | 1.866 | 5.602 | 1.212 | 38 | 4.352 |
| Vehiculos fuera de uso | - | - | - | - | 7.885 | - | - | 7.885 |
| Otros | 10.000 | 10.000 | - | - | 194.711 | 73.063 | 45.629 | 76.019 |

Fonte: *INE, Encuesta sobre recogida y tratamiento de residuos urbanos*

5.3.26.

**_Residuos urbanos mesturados nas CC.AA. 2000-01._**

| | 2001 | 2000 | 01/00 |
|---|---|---|---|
| | *(Kg./hab./ano)* | | *(%)* |
| **Andalucía** | 640 | 686 | -6,7 |
| **Aragón** | 647 | 661 | -2,1 |
| **Asturias** | 581 | 582 | -0,2 |
| **Baleares** | 742 | 817 | -9,2 |
| **Canarias** | 665 | 716 | -7,1 |
| **Cantabria** | 563 | 524 | 7,4 |
| **Castela e León** | 478 | 429 | 11,4 |
| **Castela - A Mancha** | 512 | 478 | 7,1 |
| **Cataluña** | 568 | 583 | -2,6 |
| **Comunidade Valenciana** | 556 | 596 | -6,7 |
| **Estremadura** | 479 | 496 | -3,4 |
| **Galicia** | 526 | 574 | -8,4 |
| **Madrid** | 522 | 552 | -5,4 |
| **Murcia** | 504 | 553 | -8,9 |
| **Navarra** | 567 | 604 | -6,1 |
| **País Vasco** | 512 | 483 | 6,0 |
| **A Rioxa** | 551 | 569 | -3,2 |
| **Ceuta e Melilla** | 483 | 411 | 17,5 |
| **Total** | 565 | 586 | -3,6 |

Fonte: *INE, Encuesta sobre recogida y tratamiento de residuos urbanos*

5.3.27.

**_Residuos xerados nas industrias extractivas, manufactureiras e enerxéticas nas CC.AA. 2000-01: distribución segundo tipo de perigosidade_**

| | 2001 | | 2000 | | 01/00 | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Non perigosos | Perigosos | Non perigosos | Perigosos | Non perigosos | Perigosos |
| | *(miles de toneladas)* | | | | *(%)* | |
| **Andalucía** | 6.570,9 | 137,7 | 18.807,7 | 191,5 | -65,1 | -28,1 |
| **Aragón** | 1.951,9 | 51,1 | 716,1 | 52,6 | 172,6 | -2,8 |
| **Asturias** | 3.157,3 | 234,6 | 2.711,8 | 431,4 | 16,4 | -45,6 |
| **Baleares** | 2,1 | 0,5 | 62,9 | 0,2 | -96,6 | 101,4 |
| **Canarias** | 54,4 | 9,5 | 58,6 | 7,8 | -7,1 | 21,4 |
| **Cantabria** | 566,3 | 16,8 | 490,7 | 18,6 | 15,4 | -9,6 |
| **Castela e León** | 27.879,0 | 52,5 | 23.898,8 | 49,0 | 16,7 | 7,1 |
| **Castela - A Mancha** | 588,2 | 9,4 | 794,7 | 28,1 | -26,0 | -66,4 |
| **Cataluña** | 7.132,6 | 321,5 | 5.847,8 | 158,0 | 22,0 | 103,4 |
| **Comunidade Valenciana** | 2.005,5 | 113,0 | 1.697,1 | 94,8 | 18,2 | 19,2 |
| **Estremadura** | 117,4 | 2,0 | 46,5 | 0,5 | 152,6 | 276,9 |
| **Galicia** | 3.534,5 | 26,7 | 4.698,3 | 33,7 | -24,8 | -20,8 |
| **Madrid** | 1.135,5 | 84,9 | 726,6 | 60,9 | 56,3 | 39,3 |
| **Murcia** | 264,5 | 59,2 | 328,7 | 23,1 | -19,5 | 156,0 |
| **Navarra** | 487,8 | 28,3 | 510,4 | 23,7 | -4,4 | 19,1 |
| **País Vasco** | 1.918,0 | 215,2 | 1.698,7 | 198,6 | 12,9 | 8,4 |
| **A Rioxa** | 67,8 | 1,0 | 80,8 | 3,8 | -16,0 | -74,4 |
| **Total** | 57.434,1 | 1.364,2 | 63.176,2 | 1.376,5 | -9,1 | -0,9 |

Fonte: *INE, Encuesta sobre generación de residuos en el sector industrial*

Dos 3.561,2 miles de toneladas de residuos xerados ó longo de 2001, 3.534,5 miles de toneladas teñen a consideración de non perigosos (o 6,2% dos residuos "non perigosos" do conxunto do Estado) e os restantes 26,7 miles de toneladas se clasifican como "perigosos" (o 2,0% dos residuos estatais).

Comparado co ano anterior, prodúcese unha caída superior ó 20% tanto no caso dos residuos "non perigosos" como "perigosos", sendo esta porcentaxe do 9,1% e 0,9%, respectivamente, no conxunto do Estado.

Atendendo á distribución segundo tipo de residuo xerado, o **cadro 5.3.29.** reflicte que, ó igual que no ano anterior, os residuos minerais e da construcción acollen o maior volume de residuos non perigosos xerados, con 1.835,0 miles de toneladas (o 51,9% do total de residuos non perigosos en Galicia), seguíndolle en

5.3.28.

***Residuos xerados nas industrias extractivas, manufactureiras e enerxéticas en Galicia e España 2001: distribución segundo actividade económica e tipo de perigosidade***

**2000**

| | Galicia | | España | | Galicia/España | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Non perigosos | Perigosos | Non perigosos | Perigosos | Non perigosos | Perigosos |
| | | | *(toneladas)* | | | |
| **Industrias extractivas** | 170.231 | 219 | 41.777.798 | 4.117 | 0,4 | 5,3 |
| **Industria manufactureira** | 4.094.396 | 32.971 | 18.963.385 | 1.344.985 | 21,6 | 2,5 |
| Productos alimenticios, bebidas e tabaco | 123.078 | 2.953 | 1.659.410 | 16.458 | 7,4 | 17,9 |
| Industrias do téxtil, da confección e curtido | 7.716 | 1.069 | 199.001 | 11.374 | 3,9 | 9,4 |
| Industrias da madeira e cortiza | 88.906 | 1.431 | 458.276 | 4.593 | 19,4 | 31,2 |
| Industrias do papel e edición | 35.635 | 178 | 1.307.081 | 9.409 | 2,7 | 1,9 |
| Coquerías e refino do petróleo | - | - | 29.009 | 32.959 | - | - |
| Industrias químicas e do caucho | 4.808 | 2.729 | 2.671.842 | 317.314 | 0,2 | 0,9 |
| Siderúrxia e outros productos metálicos e non metálicos | 3.704.936 | 13.789 | 11.174.861 | 794.645 | 33,2 | 1,7 |
| Fabricación de mobles | 665 | 18 | 180.986 | 15.445 | 0,4 | 0,1 |
| Resto das actividades manufactureiras | 128.653 | 10.804 | 1.282.919 | 142.789 | 10,0 | 7,6 |
| **Producción e distribución de enerxía eléctrica** | 433.673 | 478 | 2.435.572 | 27.194 | 17,8 | 1,8 |
| **Total** | 4.698.300 | 33.668 | 63.176.756 | 1.376.295 | 7,4 | 2,4 |

**2001**

| | Galicia | | España | | Galicia/España | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Non perigosos | Perigosos | Non perigosos | Perigosos | Non perigosos | Perigosos |
| | | | *(toneladas)* | | | |
| **Industrias extractivas** | 152.844 | 71 | 34.580.001 | 1.540 | 0,4 | 4,6 |
| **Industria manufactureira** | 2.680.287 | 26.351 | 19.200.135 | 1.342.053 | 14,0 | 2,0 |
| Productos alimenticios, bebidas e tabaco | 226.115 | 852 | 3.122.509 | 28.422 | 7,2 | 3,0 |
| Industrias do téxtil, da confección e curtido | 10.101 | 225 | 455.327 | 6.578 | 2,2 | 3,4 |
| Industrias da madeira e cortiza | 63.265 | 725 | 170.684 | 1.751 | 37,1 | 41,4 |
| Industrias do papel e edición | 153.486 | 317 | 1.865.204 | 28.152 | 8,2 | 1,1 |
| Coquerías e refino do petróleo | 1.476 | 1.471 | 94.390 | 45.756 | 1,6 | 3,2 |
| Industrias químicas e do caucho | 5.854 | 1.957 | 1.505.700 | 305.448 | 0,4 | 0,6 |
| Siderúrxia e outros productos metálicos e non metálicos | 1.923.605 | 3.361 | 9.658.258 | 714.426 | 19,9 | 0,5 |
| Fabricación de mobles | 1.899 | 123 | 361.506 | 20.665 | 0,5 | 0,6 |
| Resto das actividades manufactureiras | 294.486 | 17.320 | 1.966.557 | 190.855 | 15,0 | 9,1 |
| **Producción e distribución de enerxía eléctrica** | 701.414 | 247 | 3.654.047 | 20.827 | 19,2 | 1,2 |
| **Total** | 3.534.545 | 26.669 | 57.434.183 | 1.364.420 | 6,2 | 2,0 |

Fonte: *INE, Encuesta sobre generación de residuos en el sector industrial*

5.3.29.

### *Residuos xerados en Galicia e España 2000-01: distribución segundo tipo de residuo*

| | 2001 | | | | 2000 | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | España | | Galicia | | España | | Galicia | |
| | Non perigosos | Perigosos | Non perigosos | Perigosos | Non perigosos | Perigosos | Non perigosos | Perigosos |
| | | | | *(en miles de toneladas)* | | | | |
| Disolventes usados | 41,3 | 115,3 | 0,0 | 2,6 | 76,8 | 92,5 | 0,2 | 3,5 |
| Resíduos ácidos alcalinos ou salinos | 2.306,5 | 334,5 | 7,1 | 3,1 | 3.102,0 | 316,3 | 23,9 | 4,6 |
| Aceites usados | 12,5 | 86,1 | 1,7 | 4,8 | 12,2 | 83,1 | 0,4 | 4,7 |
| Resíduos de procesos químicos e físicos | 831,5 | 429,0 | 7,8 | 8,4 | 1.004,6 | 527,4 | 11,7 | 6,3 |
| Resíduos e depósitos químicos | 32,6 | 47,9 | 0,2 | 4,5 | 136,2 | 35,3 | 9,7 | 1,0 |
| Outros resíduos químicos | 26,5 | 13,7 | 0,0 | 0,3 | 4,0 | 9,3 | 0,0 | 0,3 |
| Resíduos biolóxicos | 0,1 | 7,7 | 0,0 | 0,0 | 6,2 | 0,3 | 0,0 | 0,0 |
| Resíduos metálicos | 2.440,6 | 100,2 | 354,8 | 2,4 | 1.765,9 | 83,7 | 131,9 | 8,9 |
| Resíduos de vidrio | 314,8 | - | 1,5 | - | 198,9 | - | 0,5 | - |
| Resíduos de papel e cartón | 1.392,9 | - | 44,7 | - | 996,9 | - | 69,2 | - |
| Resíduos de caucho | 70,4 | - | 0,1 | - | 46,1 | - | 0,2 | - |
| Resíduos de plástico | 292,3 | - | 4,5 | - | 239,9 | - | 17,9 | - |
| Resíduos de madeira | 551,9 | - | 113,9 | - | 777,3 | - | 200,2 | - |
| Resíduos téxtis | 177,6 | 13,6 | 6,2 | 0,1 | 85,4 | 10,7 | 4,5 | 0,1 |
| Vehiculos fóra de uso | 0,6 | - | 0,1 | - | 1,5 | - | 0,1 | - |
| Equipo desechados (1) | 17,5 | 6,1 | 0,5 | 0,4 | 12,3 | 24,4 | 2,2 | 0,0 |
| Abono e abono líquido | 51,6 | - | - | - | 5,4 | - | - | - |
| Resíduos animais e vexetais | 1.802,5 | - | 70,3 | - | 1.085,2 | - | 73,8 | - |
| Residuos correntes misturados | 1.218,4 | - | 42,5 | - | 771,0 | 14,7 | 18,1 | 0,8 |
| Resíduos domesticos e similares | - | - | - | - | 216,6 | - | 11,8 | - |
| Materiais mixtos | - | - | - | - | 222,1 | - | 3,9 | - |
| Resíduos de tratamento | - | - | - | - | 332,3 | 14,7 | 2,4 | 0,8 |
| Lodos comúns | 1.748,5 | - | 305,7 | - | 1.241,4 | - | 266,7 | - |
| Resíduos minerais e da construcción (2) | 37.998,6 | 12,0 | 1.835,0 | 0,1 | 48.356,7 | 73,0 | 3.417,2 | 0,1 |
| Resíduos da combustión | 5.847,6 | 198,4 | 725,7 | 0,0 | 2.894,5 | 105,7 | 449,7 | 3,3 |
| Resíduos solidificados e vitrificados | 257,5 | - | 12,2 | - | 356,5 | - | 0,2 | - |
| **Cantidade de resíduos xerados** | 57.434,2 | 1.364,4 | 3.534,5 | 26,7 | 63.176,8 | 1.376,3 | 4.698,3 | 33,7 |

(1) non inclúe os vehículos fóra de uso
(2) non inclúe os resíduos da combustión
Fonte: *INE, Encuesta sobre generación de residuos en el sector industrial*

5.3.30.

**Indicadores de Residuos a 31 de decembro de 2003**

| Indicador | Unidade | |
|---|---|---|
| **Municipios con recollida selectiva implantada** | | |
| adheridos a ECOEMBES | | 283 |
| adheridos a ECOVIDRIO | | 300 |
| **Residuos tratados no complexo de SOGAMA en Cerceda (non reciclables)** | *(Toneladas anuais)* | 500.763 |
| **Producción enerxética bruta (SOGAMA)** | *(en MWh)* | |
| Termoeléctrica | | 316.430,1 |
| Coxeneración | | 164.621,4 |
| **Concellos adheridos ó Plan Sogama para a xestión de residuos non reciclables** | | 201 |
| Poboación incorporada | *(habitantes)* | 1.873.383 |

Fonte: *Consellería de Medio Ambiente*

importancia, no que ó volume se refire, os residuos da combustión, con 725,7 miles de toneladas (o 20,5%). Pola contra, no caso dos residuos perigosos, este ano salientan os residuos de procesos químicos e físicos, con 8,4 miles de toneladas (o 31,4% dos residuos perigosos).

As empresas do sector da construcción (a *Encuesta sobre la generación de residuos en el sector industrial* as recolle por primeira vez para este último ano) xeraron 5,4 miles de toneladas en 2001 (o 1,2% do total estatal), dos que 5,3 miles de toneladas corresponden a residuos non perigosos (o 1,1% dos residuos non perigosos xerados en España) e as restantes 0,1 miles de toneladas a residuos perigosos (15,1%).

Finalmente, o **cadro 5.3.30.** reflicte unha serie de indicadores sobre residuos facilitados pola Consellería de Medio Ambiente. Respecto á recollida selectiva implantada en Galicia, o devandito cadro amosa que o número de concellos adheridos a ECOEMBES ascende a 283 e os adheridos a ECOVIDRIO a 300. ■